

25 de Novembro 2011

Unidades Didácticas Educação Infantil e Primária



CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA
TODAS AS MANS SON NECESARIAS



Coordinación:

Organización de Mulleres de STES-i | Organización de Mulleres de Confederación Intersindical
Área de Publicacións da Confederación Intersindical.

Deseño e maquetación:

Área de Publicacións da Confederación Intersindical.

Edición e Distribución:

Confederación Intersindical.

C/ Carretas, 14, 7º E y F, 28012 MADRID.

Tel.: 91 532 22 64. Fax: 91 532 22 80.

Correo electrónico: publicaciones@intersindical.es

Web: www.stes.es

Esta publicación ou calquera parte dela pódese reproducir e distribuír libremente, aínda que nos gustaría que nos citásedes.



TODAS AS MANS SON NECESARIAS 25 de novembro

Actividades 25 de novembro Día Internacional Contra A Violencia De Xénero.

Introdución:

Desde a Organización de Mulleres non podemos esquecer que este día, este mesmo día, serán máis de cincuenta as mulleres asasinadas pola violencia machista, pola violencia de xénero como socialmente se coñece. Por iso, como cada ano, ofrecemos aos centros educativos un conxunto de actividades para que este tema se trate na aula, co fin de sensibilizar tanto o profesorado como o seu alumnado sobre a lacra social e cultural que supón esta situación para as mulleres. Pero tamén co fin de iniciar unha educación responsábel, que fomenta os riscos das desigualdades entre sexos, que mostre ao alumnado que os micromachismos persisten na maioría dos fogares e que algunhas destas actitudes alcanzan tal grao que derivan nunha violencia non só psicolóxica, senón tamén física, que implica a morte directa de miles de mulleres cada ano no mundo, pero tamén a morte indirecta doutras tantas.

Con estes fins, propomos unhas actividades para os distintos ciclos de educación primaria, e para secundaria, actividades formuladas cunha metodoloxía activa e participativa, que perseguen uns obxectivos e traballan igualmente as competencias básicas.

Esperamos que como todos os anos vos sexan de utilidade para traballar neste día 25 de novembro, como en calquera outro día do curso, pois esta problemática social ha de ser tratada cada día, un tras outro, ata lograr rematar con estas actitudes de dominación que ningún ben fan a sociedades como a nosa.

Obxectivos xerais das actividades:

- 1.- O alumnado ha de entender que a igualdade entre mulleres e homes non está lograda ao 100% pois subsisten numerosas formas de dominio sobre as mulleres, sendo a máis grave a dos feminicidios.
- 2.- Débense recoñecer as diferenzas sociais, laborais e económicas entre mulleres e homes.
- 3.- Tanto as alumnas como os alumnos deberán identificar no noso contorno os sesgos sexistas que persisten nos comportamentos diarios e habituais.
- 4.- Preténdese, identificar a linguaxe sexista máis agresiva nos medios de comunicación, libros de texto, arte, etc.
- 5.- Recoñecer como a desigualdade e disimetría entre sexos contribúe á violencia de xénero.
- 6.- Coñecer os protocolos de actuación ante a violencia machista.
- 7.- Detectar as actitudes violentas para as mulleres nos contornos máis próximos.
- 8.- Desenvolver actitudes de rexeitamento para comportamentos violentos e sexistas para o feminino.
- 9.- Desenvolver actitudes de respecto para as mulleres para xerar unha convivencia en igualdade.
- 10.- Adquirir unha imaxe axustada de cadaquén co fin último de manter unha autoestima adecuada.



Competencias básicas que se traballan con estas actividades:

- 1.- Competencia en comunicación lingüística 2:
 - realizar actividades nas que se traballa a linguaxe non sexista, tanto oral como escrita.
- 2.- Competencia matemática:
 - exercicios nos que, ao calcular salarios, porcentaxes de representatividade feminina e cotas de poder, se poñen de manifesto as disimetrías sociais e laborais entre mulleres e homes.
- 3.- Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico:
 - analizaranse situacións reais na vida cotiá, tomadas da mesma ou de publicacións impresas ou on-line, nas que se revela unha realidade incontestábel como é a permanencia de relacións de desigualdade entre homes e mulleres, así como trato discriminatorio no laboral, social, económico...
- 4.- Tratamento da información e competencia dixital
 - trabállanse documentos obtidos de internet, e elabóranse outros cun uso debido das novas tecnoloxías.
- 5.- Competencia social e cidadá:
 - as actividades están deseñadas para mellorar a convivencia entre todas as persoas, para iso entendemos necesaria a igualdade de trato entre mulleres e homes.
- 6.- Competencia cultural e artística:
 - o uso de imaxes artísticas, textos literarios, etc., co fin de analizar a imaxe das mulleres, pon en contacto o alumnado co patrimonio cultural, á vez que detecta os sesgos sexistas que poidan conter.
- 7.- Competencia para aprender a aprender :
 - o traballo en equipo, a investigación e a observación da realidade cotiá esperta a capacidade de aprender por si mesmos e por si mesmas.
- 8.- Autonomía e iniciativa persoal:
 - enténdese que estas actividades van encamiñadas a fomentar a autoestima do feminino de tal forma que se rompan estereotipos sexistas que inobilicen a autonomía das persoas para tomar as súas propias decisións.

Metodoloxía:

Preténdese o uso dunha metodoloxía participativa, activa tanto para o profesorado que a pon en práctica como para o alumnado que a desenvolve. Só cunha metodoloxía na que todas e todos participan é posíbel trasladar a idea de igualdade de sexos e xénero que se pretende transmitir; cando o alumnado traballa en equipo ou en parellas mixtas, asume o concepto de igualdade en toda a súa plenitude.

Criterios de avaliación:

Aínda que estas actividades que propomos non corresponden cunha unidade didáctica ao uso, e xa que logo non pretendemos unha avaliación das mesmas, concluiremos con éxito o noso propósito se ao finalizalas o alumnado:

- Entende as diferenzas que a sociedade marca, entre homes e mulleres, diferenzas que se reflicten en desigualdades sociais, económicas, culturais, de imaxe, acompañadas de actitudes discriminatorias.
- Recoñece esas actitudes discriminatorias que se exercen sobre o feminino nos medios de comunicación, na linguaxe oral e escrita, nas imaxes que se transmiten das mulleres, nas relacións laborais e na economía en xeral.
- Comeza a adoptar unha linguaxe afastada de expresións sexistas.
- Identifica actitudes violentas para as mulleres, ben sexa actitudes que caracterizan os micromachismos, como outras de calado social e mesmo de violencia física.
- Rexeita a violencia exercida para as mulleres, sexa do tipo que sexa.
- Coñece os mecanismos e protocolos de denuncia das actitudes violentas para as mulleres.
- Adquire unha imaxe axustada á súa propia existencia, pero en igualdade coa doutras.



ACTIVIDADES PARA O CENTRO

OBJETIVOS


- 1.- Elaboración dunha gran silueta feminina en papel continuo, nela escribiranse frases referidas á violencia, respecto, amizade... e poránselle flores brancas en memoria das vítimas da violencia de xénero.
- 2.- Construción dun gran mural con frases a favor da igualdade e en contra da violencia no patio do centro.
- 3.- Preparación de pequenos murais, con frases contra a violencia, que se pegarán nun gran mural durante o recreo do día 25 de novembro. As mellores frases serán premiadas.

1.- Mensaxe segreda

Descifra esta mensaxe secreta:

(1º Ciclo de Primaria)

A	⊙
B	●
C	☼
Ç	Ω
D	⊖
E	♂
F	♂
G	♂
H	▲
I	
J	♫
K	■
L	◇
M	↓
N	↔
O	⊙
P	⊙
Q	§
R	#
S	*
T	+
U	ψ
V	φ
W	ε
X	■
Y	†
Z	&



Agora escribea:

2.- "Podo ser o que queira"

Presentamos ao alumnado unhas "xoaniñas" vestidas con traxes que representen distintas profesións (astronauta, carpinteiro/a, electricista, mestra/e, albanel, policía, bombeiro/a...), tentaremos que non reflectan ningún trazo sexual.

En asemblea falaremos das distintas actividades ás que se dedican as profesións que presentamos,

conversaremos sobre distintos homes e mulleres que desempeñan esas profesións para lles facer ver que todas as persoas poden ser o que queiran independentemente do sexo ao que pertencen.

Cada neno/a escollerá unha das profesións e pegará a súa foto no rostro da "xoaniña". Esta, pegarana sobre una cartolina e con todas elas adornaremos a clase.



3.- O noso corpo, continente de vida!

Pedir aos nenos e nenas que poñan exemplos das cousas marabillosas e necesarias que fan co seu corpo como: ver, moverse, acariñar, sentir, saborear, dixerir, etc. Se coidamos e aloumiñamos o noso corpo, faranos sentir ben.

Escribir o que van dicindo no encerado e acabar cunha apreciación clara do marabilloso que é o corpo de todas as persoas.

Insistir en que ninguén ten dereito a facer dano a outra persoa, con ningún tipo de escusa, só en defensa propia, cando queren matarte ou provocarche danos e por algún exemplo.



(2º Y 3º ciclo de primaria)



Facer un mural con debuxos que os nenos e as nenas realicen do seu corpo.

Anotar as súas observacións sobre a percepción que o grupo ten do seu corpo.

Diferéncianse as nenas dos nenos nos seus intentos de apreciar o seu corpo por razóns de xénero? (nenos por forza e valor-nenas por aparencia).

4.- E... se comezamos por unha aperta?

Pedirlle ao alumnado que describa algún conflito que tivese no patio, na aula, no parque, ... con algunha persoa de clase ou do centro. Despois, tratará de explicar que pasou, quen se enfadou, quen berrou, quen puxo paz, quen cedeu... tentando representalo, dramatizalo co propio alumnado, e cambiando os roles.

Facer unha posta en común coas ideas que se lles ocorren para solucionar este tipo de situacións de forma pacífica, sen insultar, sen berrar, ... e por último rematar coa seguinte dinámica "Isto é un bico":

Queres...



un bico?

- de pé, en círculo. Unha persoa dálle un bico a quen ten á súa dereita e dille: "isto é un bico", a outra pregunta: "Un que?", e responde: "un bico" e vólvea bicar, e así vaixe pasando o bico pola dereita do círculo. A mesma persoa comeza pola esquerda dando unha aperta, coa mesma dinámica de preguntas e accións. Remata cando bico e aperta chegan á persoa que comezou.





5.- Céntame un conto e verás que...

Escoller algúns contos tradicionais cambiando o xénero das personaxes protagonistas, preguntando ao alumnado se lles parece raro, se o coñecían así, se lles gusta máis así ou non, e o porqué... Dramatizar o conto, e rematar coa elaboración dun debuxo. (Caparuchiño vermello, O ratiño presumido...).



6.- "O conto ao revés"

Veremos as películas de "ENREDADOS" E "BRANCADENEVE E OS SETE ANANIÑOS".

Unha vez visionadas as dúas películas, centraremos nalgúns fragmentos para analizar a personalidade de ambas as dúas princesas. Unha vez obtida a información, por grupos cubrirán a seguinte táboa (MARCARÁN NA CASIÑA QUE CONSIDERAN QUE CORRESPONDE A CADA PRINCESA), que posteriormente se porá en común:

	BLANCANIEVES	RAPUNZEL
SUMISA		
INSUMISA		
EMPREDEDORA		
INDEPENDIENTE		
DEPENDIENTE		
OBEDIENTE		
VALENTE		
IDEALISTA		
MIEDOSA		

A continuación, cada grupo inventará un conto de príncipes e princesas, no cal o príncipe é o que debe ser salvado e a princesa a súa salvadora. Deberán utilizar para describir o príncipe aqueles trazos de carácter que tradicionalmente se outorgan ás princesas e á princesa os trazos de carácter dos príncipes de contos.

Posteriormente cada grupo lerá o conto que escribiu e valorarase en gran grupo o que pensa o alumnado ao escoitalo analizando os estereotipos que se traballaron tradicionalmente na sociedade, e a necesidade de cambiar esa percepción das persoas.



7.- Agora son...



Agora son... é un xogo dramático no que nenos e nenas asumirán distintos roles eliminando a carga sexista ou estereotipada que poidan ter ditos papeis. Comprobarán a través do xogo, como ambos os dous sexos poden desenvolver destrezas ou habilidades iguais. Trátase de corrixir a idea de roles asimétricos que nos transmite a sociedade (coa división sexual do traballo ou as actividades de lecer) dirixindo aos nenos e ás nenas cara á construción de roles inclusivos.

A actividade consiste en encher un saco ou baúl con obxectos definitorios de diferentes profesións ou deportes: pucho de pesca, pucho de cociñeiro-a, manguera, tesoiras e peite, casco de obreiro-a, toga de xuíz-a, regadeira, casco de moto, balón de fútbol, corda, canicas,...

Os alumnos e alumnas formarán un corro e sentaranse. Un deles sairá ao centro do corro onde se dispuxo o saco e terá que sacar un obxecto ao chou. Entón dramatizará a acción (profesión ou deporte) que acompaña ao obxecto; pode facelo unicamente con acenos ou axudándose da voz. Nenos e nenas comprobarán que teñen a capacidade de representar por igual calquera dos personaxes propostos.

Eloxiaranse todas as intervencións co fin de traballar a autoestima nos nenos e nenas.

Finalmente axúdase ao alumnado mediante a reflexión, a trasladar as conclusións do xogo á vida real eliminando calquera idea de desigualdade ou discriminación.





8.- Somos iguais?

Rodea a resposta que consideres adecuada: Son Nena | Neno

• As mozas saben xogar ao fútbol: Si Non	• Os mozos non choran: Si Non
• As mozas saben arranxar coches: Si Non	• Os mozos cociñan: Si Non
• Os mozos son débiles: Si Non	• Os mozos son brutos: Si Non
• As mozas só xogan con monecas: Si Non	• As mozas son valentes: Si Non
• As mozas son sensibles: Si Non	• Os mozos son tan listos como as mozas: Si Non

Unha vez realizada a enquisa, comentaranse as respostas en clase e establecerase un debate entre todo o alumnado; cada nena ou neno terá que defender as súas respostas. Analizaremos entre todas os estereotipos sexistas que aínda prevalecen na sociedade. Unha vez concluído o debate presentaráselles argumentos para rebater aquelas respostas que reflicten condutas sexistas.

9.- Pulseira conmemorativa:



Con lazo morado farase unha pulseira na que se escribirá o lema: **“Contra a violencia machista todas as mans son necesarias”** con rotulador permanente. Porana o día 25.

Outra opción é que previamente se traballen distintos lemas e que entre todos se escolla cal pór na pulseira.

11.- Identifico as diferentes formas de trato

- Propor ao grupo formar dúas filas.
- Unha será a fila de “TRATAR MAL” e a outra de “TRATAR BEN”.
- Cada integrante de cada unha das filas portará unha letra do verbo TRATAR e do adverbio MAL ou BEN.
- Pídeselles que acheguen unha idea ou frase que comece pola letra que achega dándolles algún exemplo: Tirar ao chan a mochila do meu compañeiro (tratar mal), Abrazar ao meu avó (tratar ben).
- Cando cada un e unha achegue a súa frase, constrúese en común a definición do que é tratar mal ou tratar ben.
- Os da fila de TRATAR BEN teñen que conseguir que os da outra fila prefiran irse á súa do bo trato.
- Pódese propor ao grupo buscar durante a semana un exemplo real de bo trato e de maltrato para nenos e nenas, persoas adultas, maiores, animais e obxectos.

10.- “Coñecendo a familia”

• Dáse ao alumnado a seguinte consigna: “Debuxa a túa familia”, “Debuxa unha familia que ti inventes” ou “Imaxina unha familia que ti coñeces e debúxaa”.

• Conversar con cada un/unha **pedir ao/á neno/a que nos explique que debuxou.**

• Preguntar aspectos sobre:

- Identificación: Quen é cada un/unha?. Pedir que escriba o nome de cada un/unha. Que fan?. De que traballan?. Onde están?. Quen prepara a comida?. Quen dá moitas apertas,...

- Percepcións afectivas:

Quen é o máis feliz e por que?. Quen é o menos feliz e por que?. Se tiveses unha varíña máxica, que tres desexos pedirías para que mellorasen as cousas nesa familia?.

